

ACTA Nº 15/2017 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO DÍA 23 DE NOVEMBRO DE 2017 DO CONCELLO DE LALÍN. EXPEDIENTE PLN/2017/18 .-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).
D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA. (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. M^a JESÚS SÁNCHEZ FERNÁNDEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO)

SECRETARIO: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA : D^a. EVA MARÍA CASAL SANJURJO.

ÍNDICE:

- 1.- Ratificación da urxencia..... Páx 3
- 2.- Expediente 5371/2017. Axardinamento da praza de Galicia, fase III. declaración de investimento financeiramente sostible nº 6 exercicio 2017..... Páx. 3
- 3.- Expediente 5367/2017. Crédito extraordinario nº 13 p- 2017..... Páx. 15

Sendo as oito horas do luns, **día 23 de novembro de 2017**, xuntáronse no salón de sesións do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuíña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a Orde do Día, o expediente púxose á súa disposición e cúmplronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora, *D^a. Eva María Casal Sanjurjo*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a Orde do Día co seguinte resultado:

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.-

Deuse conta pola Presidencia deste expediente. De seguido o *Sr. Secretario* explicou o contido do mesmo.

Houbo as seguintes intervencións:

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Bo día. Imos comezar este Pleno extraordinario que empeza de noite como vedes. Agradecervos e desculpade a hora como non puido ser doutro xeito e a ver se o solventamos o antes posible.

O Secretario: Bos días a todos. Hoxe celebramos a sesión extraordinaria-urxente convocada para este día e hora. O primeiro punto do día desta convocatoria de sesión extraordinaria e urxente é a ratificación da urxencia. No expediente consta un Decreto da Alcaldía porque no programa no nos permite xustificar as razóns e motivos que xustifican este expediente. Coido que se remitiu a todos os concelleiros no expediente os motivos da sesión

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se alguén quere facer algún comentario?. Procedemos a votar a urxencia.

Sometida a votación a urxencia da convocatoria, mediante o sistema de man alzada.

Votos a favor: Vinte (20) sendo cinco (5) dos concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG e dez (10) concelleiros/as do PP.

Votos en contra: Un (1) do concelleiro non adscrito.

Abstencións: ningunha.

2.- EXPEDIENTE 5371/2017. AXARDINAMENTO DA PRAZA DE GALICIA, FASE III. DECLARACIÓN DE INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE Nº 6 EXERCICIO

2017.

D^a. Teresa Varela Fisteus: Trátase de realizar unha obra denominada axardinamento da Praza de Galicia que cumpre cos requisitos para ser declarada e segundo os informes dos técnicos ten trinta anos de vida útil e está recollida dentro da disposición adicional 16^a do Texto Refundido Reguladora de Facendas Locais e si que cumpre os requisitos da Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ben, eu se lles parece como hai dous puntos que son o punto dous e o punto tres, facer o debate todo xunto, non?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Como queirades. Digo á Concelleira que pase a citar o punto dous e debatemos todo, lle parece?.

D^a. Teresa Varela Fisteus: O expediente crédito extraordinario nº 13- P- 2017 por un importe de 169.888,59€, constan os informes preceptivos e cumpre cos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gastos e límite da débeda.

D. Xosé Crespo Iglesias: Xa dixemos na negociación que tivemos con vostede que era unha obra que críamos necesaria e que nos neste momento non abordariamos polas necesidades que hai agora en Lalín que entendemos que teñen prioridade pero a obra é necesaria. Se o poñemos nunha orde de urxencia nestes momentos tendo en conta o problema que hai coa seca e tendo en conta que se está levando a auga a lugares polo que vexo na prensa que di o goberno que está levando auga a lugares que non ten auga, pois neste momento sen dubida nós teríamos outras prioridades.

En todo caso, é unha obra necesaria. Empezouse, fixéronse dúas fases esta é a terceira fase e confiemos en que quede razoablemente ben porque era un proxecto iniciado por nós no seu momento e que. O único reproche que lles quero facer o Goberno é dunha maneira moi sinxela é que aquí o que máis e o que menos, o máis parvo fai avións. Polo tanto, hai certas cousas que eu creo que cando un goberno está en minoría como están vostedes, debería a ver unha lealdade cando negociamos calquera cousa que segue sen haber porque estou convencido de que vostedes o fan a propio intento, pode estar equivocado, non o sei, pode ser por despiste ou pode que o faga a propio intento.

A min o Tenente Alcalde que negociou comigo este tema e pásame os datos do proxecto definitivo cando a prensa se lle deu por exemplo máis ou menos a media mañá dáse á prensa e a nós dásenos ás 22:30 horas da noite.

Se á prensa dérase ás 22:30 horas non dera saído o día seguinte. É igual, pero son detalles que eu non entendo por que o fan, porque a rendibilidade política eu non a vexo. Supoño que vostedes poderían pensar que nós íámolo dar á prensa, non sei a santo de que. É dicir se a prensa vostedes o dan a media mañá e fan unha rolda de prensa e logo a nós nolo dan á noite ás 22:30horas, parece cando menos que non están xogando moi limpo connosco. Iso non quere dicir que o pactado se cumpra. Nós imos apoiar esta obra, porque foi o que pactamos e nós imos adiante cos pactos, pero hai certas cousas que eu creo que o goberno ao estar en minoría debía facelo mirar, porque nós estamos sendo nobres con vostedes e non estamos recibindo o mesmo tratamento.

Sen ir máis lonxe, que onte se lle de un recoñecemento á policía local e que se nos invite ás 10.30 horas da mañá para un acto ás 12:00 horas. Eu non sei se o fan así porque realmente xurdiu así pois demostran que vostedes van a salto de mata senón cando a policía local sabía destas distincións hai unha semana que a nós dixérono ás 10:20 horas, no dígades nada que non pasa nada .

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pódolle aclarar se quere?.

D. Xosé Crespo Iglesias: vale, eu xa termino. Eu se non nos decides nada paréceme menos mal que se nolo decides ás 10:30 horas sobre todo porque o grupo do partido popular esa cos seus que faceres, non conta con ese acto e eu estou en Madrid que tiña Pleno onte e antes de onte. Se decides unha cousa agora para dentro de dúas horas, eu prefiro que non me digan nada, porque senón dis ti para que o din? Para poderlle dicir aos policía locais que fomos invitados e que non quixemos ir?. Eu non o entendo porque senón eu non invito a ninguén para dentro de cinco minutos ir a un acto.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se é tan amable déixeme aclaralo porque o vai entender perfectamente. Eu avisei a un colaborador do grupo popular e disculpeime pola premura e dixeran que tiña toda a razón de protestar porque non estaba ben facelo con esta premura.

É certo que os gardas o sabían unha semana antes pero eles mesmos tiñan problemas para axustar quendas e despois, a ver como o digo para que vostede o entenda, había unha circunstancia persoal de enfermidade no límite que por iso estábamos decidindo se facelo ou non facelo e no último momento decidiuse que para adiante e pensábase que ao mellor algunha persoa podía estar nunha circunstancia de que non se puidera celebrar o acto e por iso cando nos dixeran que non pasa iso que podería pasar, finalmente decidimos facelo e tan pronto o comunicamos a vostedes e ao resto de funcionarios que acompañaron no acto. Eu creo que estame entendendo. Se quere que o aclara máis, pero entendo que algunhas cousas non debo dicir en Pleno, pero creo que me está entendendo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si, si, coñezo o caso.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa, pero dependía diso facer o acto ou non porque podía darse unha circunstancia que afortunadamente non se deu. Eu creo que me está entendendo e esa é a xustificación, non é que as súas maquinacións de non queremos que este o PP para que os gardas pensen que non viñeron, non ía por aí o tema.

D. Xosé Crespo Iglesias: eu o que lle digo é sexa como sexa.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que estame entendendo. Eu non quero ser máis claro.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu entendo o que entendo. Non entendo o que vostede quere que entenda. Eu entendo o que entendo eu cos precedentes que hai. Imaxínese aceptando polbo como animal de compañía. Dentro dúas horas eu non invito a ninguén porque todo o mundo ten planificado o día, salvo que sexa unha emerxencia pero senón non pasa nada. Mire: non invitei ao PP, porque decidiuno fai dúas horas e xa está.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu estouche explicando e espero que o aceptes. Remato dicindo que me desculpei, porque á persoa que me dirixin e comenteille a situación porque protestoume con toda a razón.

D. Xosé Crespo Iglesias: Só unha cousa: se se pacta calquera cousa, debemos funcionar todos de acordo co que falamos. Eu entendo que o goberno queira vender o seu produto; nós tamén queremos vender o noso e así o faremos ao longo da execución das mesmas; o mellor que saibamos e o mellor que nos pareza. Que ocorre?. Se vostedes pactan connosco unha obra van a esa obra que pedimos nós e nin nos mencionan, a min no me

queda máis remedio que ir alí.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Iso non é certo. Xa dixen na rolda da presa que estaba pactado co PP e sae reflectido na prensa.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non me queredes entender. Cando se vai falar cos veciños nin sequera se nos menciona, é dicir, *Paco Vilariño* foi para ter unha reunión cos veciños da rúa Xesteira. Como comprenderás se nós presentamos unha moción por ese tema, algún amigo alí terei e preguntei se comentou algo que fora un pacto connosco. Dixeron que non o comentou. Non pasa nada, é totalmente normal, pero non se comentou para nada alí diante dos veciños non se dixo nada.

Diso non hai ningún problema, porque nós faremos o propio e nós iremos alí e diremos e ao final os veciños terán un cacao mental, como fixo *Nico* coa pista de Porcallos.

En definitiva, nós chegamos a un acordo con vostedes, como dixen eu xa no outro Pleno, chegouse a un acordo de quitar uns diñeiros par atraída de auga e que o resto ía para a Praza porque entendemos que é unha obra necesaria, pero neste momento dada a conxuntura de que hai un montón de necesidades que nós consideramos primordiais probablemente que nós non houberamos metido aí. Nós o pacto ímolo cumprir e ímolo cumprir a pesar de que o Alcalde cando da unha rolda de prensa aproveite para dicir “e temos aquí detrás un concello que custou 15 millóns de euros que nós houberamos metido en traídas de augas”, hai que ter morro. En dous anos e medio non fixeches nin unha soa traída de auga, nin un só alcantarillado, en dous anos e medio fixeches unha depuradora en Zobra que non funciona porque fixeches primeiro a última parte que a primeira. Por tanto, en dous anos e medio fan iso e din que vostede metería iso en traídas de augas, nós somos conscientes de que habería que metelo en traídas de augas e alcantarillados e non se preocupe, porque ía no noso programa electoral.

A min paréceme moi ben que vostedes presuman desta casa cando *samsung* sube pola escaleira de arriba e outros de tiran por ela abaixo, a min iso paréceme moi ben que vostede sutilicen iso. Paréceme moi ben *Nico* que o Lalín Arena, nós tiñamos un proxecto que era o 2020 que no 2020 se autofinanciaba, vaise autofinanciar antes do 2020. Vostede terá os datos máis frescos que eu pero eu polo que vexo por aí estará.

Quero dicir, que esas cousas que vostedes criticaban tanto. Se hoxe non houbese o Lalín Arena que é unha instalación de luxo para un pobo como Lalín, onde se metería tanta xente?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sr. Crespo.

D. Xosé Crespo Iglesias: E hoxe está o Concello feito. un Concello do que podemos presumir todos porque é un icono para este pobo e que se aproveitando dando, por exemplo, unha rolda de prensa. Eu o que quero dicir.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que xa o entendemos fai media hora, palabra de honor.

D. Xosé Crespo Iglesias: Xa sei que vostede é moi listo e entende as cousas antes que os demais.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu falo pola miña banda; na súa non sei se entenderon todos. Supoño que si.

D. Xosé Crespo Iglesias: Xa sei que son reiterativo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non para nada!.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu sei dunha cousa que se chama lealdade e non me parece lóxico que se vou presentar unha obra que pactei cos contrarios, que xa ten un mérito a ver pactado con contrarios, que aproveite para dar con zapatilla ao que teño detrás. Iso é deslealdade, para vostedes non, pero tranquilos aproveitastes a presentación da obra alí. Eu non sei en que periódico foi, pero vino escrito.

En todo caso, se o Sr. Cuíña quere traídas de augas, terá traídas de augas e alcantarillados; que non lle caiba a menor dubida. Ademais nós levábamolo no programa electoral, pero nós tamén fixemos cousas que eran necesarias, porque o concello vello non reunía as condicións mínimas de habitabilidade.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non é o debate.

D. Xosé Crespo Iglesias: Polo tanto era tan necesario como outras cousas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se queres falamos do PXOM. Quero dicir que estamos centrados onde nos temos que centrar. Eu creo que entendemos a súa postura.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu o que quero dicir é que cando un goberno está en minoría....

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: E dálle.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ten que haber lealdade. Eu estoulllo vivindo en Madrid e vexo o que temos que facer co PNV, etc. para chegar a acordos.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: No Senado pouco, eh?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Bastante máis do que vostede pensa. Aínda que bueno como vostede sabe de todo, probablemente saiba o que se coce alí mellor que eu, non teño ningún dubida. Iso seguro que o pode colgar no seu *post* e seguro que sabe mellor ca min o que pasa.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: refírome querido amigo que teñen maioría absoluta.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós cando pactamos algo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vaia rematando. Por favor.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non me este interrompendo, vostede sabe a cantidade de veces que me interrompeu.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Es insufrible.

D. Xosé Crespo Iglesias: Xa non sigo porque vostedes búsqueas que as vai atopar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: É unha ameza ou algo así?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Esquézase, vaia de paseo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Moitas gracias.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vai vostede de paseo dunha puñetera vez.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Parécelle a vostede unha linguaxe adecuada para un Pleno?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Interrompeume en toda a intervención. Eu podo dicir o que me de a gana, parece que lle fastidia. Se eu estou falando e me está interrompendo constantemente non é normal.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Está?. Ben, de toda esa ampla recua de cousas que dixo, non se preocupe que haberá canalizacións en saneamentos e imos avanzar, de feito estamos facendo os proxectos aínda con dificultades técnicas e temos intención de sacalos os pactados neste Pleno.

Punto dous: é certo que por moito que a vostede lle moleste isto é política e teño que dicilo. Seguramente se non se gastase o que se gastou neste concello, a rede de saneamentos sería moito máis completa en Lalín. Esta é a miña opinión, a súa é outra e eu respéctoa. Respete a miña, aínda estamos pagando crédito

D. Xosé Crespo Iglesias: Non se fixo nin un só saneamento por este goberno.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Logo vostede fala de interromper. Eu non lle vou a dicir a vostede: vaiase a onde non sei. Son bastante máis educado. Quero dicir que cada un ten o seu concepto das cousas. Comigo de Alcalde, este Concello non se tería feito. Xa o digo: con este goberno estou convencido e probablemente estarían os saneamentos de Lalín e practicamente feitos. Cada un ten as súas prioridades.

Este edificio é admirado por moitas persoas que ven aquí todos os días. Tamén é certo; teño que recoñecelo. Eu creo que Paco quería falar por alusións. Vaíamos rápido.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Bos días. Eu coa máxima educación eu creo que durmiu mal co tema da noite que fixo. Non?. Eu aclárolle varias cuestións

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu non aguanto que me veñan a insultar aquí. De seguido levantouse.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Se queren marchar e forzar a escena chamamos aos medios e que lle fagan a foto. Eu non escoitei ningún insulto aquí cara vostedes

D. Xosé Crespo Iglesias: Xa somos todos maiorcitos de idade.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Efectivamente.

D. Xosé Crespo Iglesias: Se pensan que somos tontos, non. Dálle, non se preocupe.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que pasamos Paco.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Eu quer aclaralo que non é certo o que se dixo. Eu, por alusións o tema da Xesteira, eu fun a explicarllo e empecei polo acordo plenario e máis incluso lle dixen e evidentemente sei que hai xente alí coa que falaba de que o Pleno quedara bastante sorprendido porque tivera reunións con todos menos co goberno e negáronme que falaran co Juan José, isto foi o que me dixeron, non o estou cuestionando só o estou dicindo para que vexa a falsidade do que está dicindo aquí respecto do que lle transmitiron.

Na Praza de Galicia, incluso tamén na rolda de prensa.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Dixemos que foi un pacto co PP.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Exacto e incluso a Nico que creo que foi quen o dixo se lle foi a pinza porque en termos mediáticos creo que ata falou moito doutros temas para centrar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Perdón. Falou de que afortunadamente...

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Pero que os medios o recollen.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Paco, só unha cousa. Creo que o titular é que o goberno di que conseguiron investimentos por miles de euros co PP.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: É que non estamos nunha lista para dicir se díxose ou non. Sería moi difícil cambia de goberno e ter que buscar outra casa consistorial, temo sexta e utilizamos esta e intentamos poñela en valor, como arte contemporáneo é unha auténtico marabilla e como prioridade de inversión para este concello, insisto, que nós non a faríamos. Unha vez que está, como outras cousas que están, hai que poñelas en valor. Eu entendo que este tema sería un tema de alegría para todo o mundo e supoño que para vostedes tamén, pero non quiten valor as cousas que as teñen.

D. Nicolás González Casares: Eu tamén teño as miñas alusións, fun o primeiro aludido. Dicir que non entendo o que se di desa falta de lealdade, porque foi máis ben o contrario. Na rolda de prensa, díxose claramente todo o que se pactara co PP non só a Praza de Galicia. De feito a reportación que fixo Paco dixo que podíamos velo outro día da Praza de Galicia, dos abastecementos, da rotonda de Montserrat, das pistas pactadas, da rúa Xesteira, da rúa F e da rúa alcalde ferreiro, falamos de todo iso e fixemos unha recomposición de todas as cousas que aprobamos co apoio do PP, é dicir, pactado en Pleno.

A prensa non pode falar do Pleno pero hai medios que poden facer así coa cabeza que seguro de que aquilo foi certo.

En canto de que se entregara un ás 18:00 horas e outro ás dez. Pode ser pero tamén digo unha cousa: eu dixen que non era o proxecto completo. Vostedes si que teñen o proxecto completo. Ningún membro deste goberno salvo eu ten o proxecto completo, vostedes téñeno dende onte enteiriño.

D. Xosé Crespo Iglesias: Diante do xeito de levantarse de D. José Antonio Rodríguez Fernández, indícalle: non, non, vos quedadeos.

D. Nicolás González Casares: O que quero dicir é que o ten dende o minuto que mo entregaron, porque creo ademais que no email reenviado teñen o minuto. Ás oito porque chegoume as seis máis ou menos ou as sete. Pero bueno, o que quero dicir é que é un

investimento que van valorar os cidadáns. Non só este, senón todos os que se pactaron neste Pleno. As pistas vanse facer dentro de pouco, creo que están no proceso final de licitación e todo vaise facer no ano que ven que é cando se ten que facer. Incluso algunhas cousas pois os pregos van rápido e creo que cousas como a rotonda que o obxectivo era que estivera no verán, o igual ata o temos antes.

Creo que é algo que debemos congratularnos todos e facer novos saneamentos ou abastecementos. Eu quería comentarlle unha cousa, si que é certo que pode haber as veces outras prioridades pero o investimento financeiramente sostible non só ten que estar aprobado en Pleno antes do 31 de decembro do ano 2017, senón que os pregos teñen que estar aprobados, ten que ser declarados inversión financeiramente sostible, unha modificación crédito ten un período de exposición. Polo tanto, non daba tempo a ir solventando esas necesidades que apareceron recentemente derivadas da Seca.

Outra cuestión importante. A Praza de Galicia, de moitas das obras que se plantexaban non necesita autorización sectoriais. Para traer a Pleno unha inversión financeiramente sostible necesita ver libre, é dicir, con todas as autorizacións pasadas. Se isto tivera que ir a Augas de Galicia, Patrimonio, Carreteras ou calquera tipo de obra non podería e non daría tempo, por iso lle digo que isto para aproveitar o superávit decidimos metelo aquí, chegando a un pacto con vostedes. No do abastecemento de augas de Goíás que se fixo como vostedes saben en tempo récord. En tempo récord traballamos iso. Moitas grazas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu ao mellor expliqueime mal. Isto ven motivado por esta rolda de prensa que deron vostedes. Aquí pon ben claro na Voz de Galicia “Canalizacións de auga”... pola súa parte el Alcalde, *Rafael Cuíña* expresou a súa intención do próximo ano xunto aos saneamentos en vez de ter un axuntamento de 15 millóns de euros, podíamos ter todo un plan de saneamiento”.

Primeiro que é falso; non ten que ver o touciño coa velocidade. Pero que ten que ver coa presentación da Praza cagarse neste Concello para dicir que habería que facer saneamentos? Por favor, sexamos serios. Están vostedes presentando un proxecto que pactaron connosco; sexamos un pouco legais.

É o reprochei iso; o que a min realmente non me parece normal.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: É tan forzado o que dis.

D. Xosé Crespo Iglesias: É a voz de onte.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Están os xornalistas aí. Pregúntannos por máis cousas e digo estamos avanzando coas canalizacións porque estamos levando auga ás granxas e á xente que non ten. Sei que é a prioridade dos próximos anos porque os outros din que van ser moi secos, van a ser as canalizacións.

Estamos avanzando en proxectos como en Cadrón e Botos no tema dos sumidoiros e estamos atopándonos dificultades técnicas en algúns casos con veciños que non queren ceder.

Dificultades técnicas porque hai excesivamente pedras, segundo di *Pepe Varela*; pero estamos intentando sacar os temas adiante e entendemos que poden estar o ano que ven e queremos que estean o ano que ven. Despois dicimos que temos investimentos cerca de 900.000€ en diferentes partidas de negociación co PP e temos intención de seguir pactando con vostedes se é posible. O que é son moi sensibles nalgunhas cousas e en outras son menos. Entendo que é política, pero non saquemos as cousas de quicio.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Como eu teño o *dossier* de prensa e míroo que un dos xornais da Voz porque no Faro non se pode ver aquí esa información e o titular é: “As obras de 170.000€ consensuadas co PP van a Pleno o próximo xoves”. Se sigo lendo na

mesma noticia: “tras ser consensuadas co PP na última sesión plenaria”. Se sigo lendo un pouco máis abaixo “explicou que deixa 160.000€ porque negociouse co PP acometer estas inversión”.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estámolo dicindo tódolos días. É que non sei que máis queren. Eu estou agradecido coa vontade de pactar con vós, pero creo que á mínima saltades e eu creo que non é para tanto. Acaba de ler *Paco* tres parágrafos e nós dicimos que é consensuado con vós. Non sei que máis queredes. Home, non imos a ir co logo do PP a rolda de prensa

D. Juan José Cruz García: Agradecer que te dirixas a min polo meu nome.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que sempre digo concelleiro non adscrito ou polo seu nome.

D. Juan José Cruz García: Bueno, tes dito cousas ben simpáticas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Teño cualificado de tráfuga en Plenos hai bastantes tempo.

D. Juan José Cruz García: Tedes dirixido como non sei como dirixirme.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Con Juan José eu creo que vale.

D. Juan José Cruz García: Isto non está computando, non?

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Fala o que queiras. Non te preocupes. Non está computando o tempo neste Pleno.

D. Juan José Cruz García: Para empezar positivamente, síntome orgulloso de que no Concello de Lalín os sentes os vinte tráfugas grazas ao concelleiro non adscrito. Se fora unha película de Woody Allen poderíamola titular así: “Vinte tráfugas e un concelleiro do rural”. Pregúntome eu se aínda tes a narices de dicir que estades cumprindo cos vosos programas electorais, os vinte. Eu creo que non.

Eu creo que todo se está retardando e estades falando de lealdade, dun parque para trinta anos. Quen posibilitou para que se levara a cabo isto foi *Juan José*, quen se reuniu e quen ten teléfonos da rúa Xesteira foi *Juan José* a petición de xente que lle deu o meu teléfono. Teño probas, xente coa que estiven no Café París. Grazas a anunciar ese voto negativo neste proxecto, o PP fíxose máis forte e volveuse atrás coa súa palabra.

Eu creo que o que lle honra aos homes é a súa lealdade e entendo que pode haber intereses que pode haber motivos polos que teña que facerse esa obra. Para min non é unha prioridade. Xa dixen que era un motivo de tristeza este Pleno, pero pensando ben eu creo que tes que recapacitar moito máis. O PP ten que recapacitar moito máis.

Chámame moitísimo a atención as mensaxes de xente do PP de toda a vida que se sinte desinformada nos proxectos. Chámame moitísima a atención que xente do PP de toda a vida pida información de como se pode esixir que se cumpra un acordo plenario e quedastes pequenos.

Eu obviamente teño un o amigo que é ata aí, ata onde podes chegar. Non podes chegar moito máis que argumentar e dicir á xente, falado. Menos mal que existen as redes sociais e cada un que entenda o que queira.

Eu creo que o PP se está volvendo a equivocar, pero xa non só por 170.000€. Estase

equivocando porque está perdendo xa a confianza das súas bases. Hai parte das súas bases, eu teño mensaxes de xente afiliada ao PP, que está dicindo que se arranxen os dez que están aí. Os dez que están aí son os que teñen que loitar pola Alcaldía.

Obviamente non quero perder os lazos de unión que podemos ter para conversar. Pero tamén é unha realidade de que o desgaste que tivo o PP probablemente foi polos da antiga garda que botaron moito tempo aí e foron desgastados.

Eu recordo moitísimo a frase de “Mexan por el e di que chove” por algún concelleiro que tiveches. Iso foi algo que estivo na rúa. Se non facedes caso a isto, se non presionades e se non entrades fortes contra este goberno, vaise aproveitar outra xente diso. Tiñádelo diante das narices poder dicir: “non, estes cartos van cara outro lado”. Non o fixeches. Eu teño que dicilo. Poderíades ter metido iso perfectamente nun alcantarillado, puidéstelo facer. Non ía a ser obviamente tan urxente, que ben se ve hai cousas aprobadas, pero que non se levan para aí.

Todo é extremadamente difícil cando os proxectos veñen imposicionados polo concelleiro non adscrito. Todo é difícil porque iso denota para min unha enfermidade mental por parte do Alcalde que creo que se a debe mirar. Creo que se debe mirar, porque non se leva adiante ningún proxecto proposto polo concelleiro non adscrito a probado.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Perdón, diso enfermidade mental?.

D. Juan José Cruz García: Creo que pode ser, si.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vale, vale.

D. Juan José Cruz García: Eu creo. Vostede a min tamén me tratou de iso mesmo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pode ser que a teña, si.

D. Juan José Cruz García: Da igual.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Había unha frase que dicía *D. Manuel* sempre: “comparado con quen”.

D. Juan José Cruz García: Pero déixame falar. Vostede ten que darse conta de que chega un momento de que xa aburre a súa prepotencia e onde xa aburre o seu camiño que leva. Eu creo que agora mesmo o que lle faría ben a súa imaxe e sentarse tamén co concelleiro non adscrito e tratalo como unha persoa normal e corrente coa que pode tamén negociar a quen sempre lle deu canles de diálogo. Se non o quere facer, vostede vai quedar de prepotente e o único que vai facer e que lle sigan tratando como a vostede lle fastidia de neno de papá que se vai a San Vicente a xogar “non sei ben a que” porque xente de empresas moi potentes de Galicia, xente do PP, bueno non entremos en temas tan embarrado.

Sabe do que lle están criticando a vostede? A vostedes estanos criticando por saír nas fotos. Pero para saír nas fotos si que vostedes dedicaron un concurso de fotografía. Pero si non lle fan falta máis concursos de fotografía, se están aburridos de velos na prensa....!

Vostedes meteron 43.000€ para as marionetas. Pero si marionetas sobran neste concello, por Deus!. Vostedes son capaces de meter na bienal 18.000€ e a concelleira máis tráfuga da historia, *Lara*, é capaz de darlle iso ao exterior que o organice o exterior, cando pediu que o concelleiro que organizara as festas fora a consellería. Vostedes din unha cousa e fan outra.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Aí ten razón.

D. Juan José Cruz García: Vostedes meten cartos para os roteiros. Ata se falou de

meter cartos para controlar as mimosas, vaia carallo!. Vostedes sigan metendo cartos en cine, pero se cine sobre. Cine para o rural, no rural queren outras cousas, no rural queren os sumidoiros.

Vostedes teñen a osadía de chegar a este Pleno e dicir que ningún dos concelleiros do goberno ten o proxecto e vaino votar. Tócate los huevos!. Ninguén ten o proxecto e vaino votar. Moi ben; así anda o país.

D. Nicolás González Casares: Non dixemos ningún.

D. Juan José Cruz García: Non me interrompa, por favor. Na acta consta o que consta. De acordo?.

Non entendo para que carallo falamos de policía local; despois expúlsase ao concelleiro non adscrito por non absterse da moción.

Para roteiros si que hai cartos; para ir rozar o Candán hai cartos; para rozar os veciños non hai. Alí teñen que ir os veciños a rozar eles. Xa están pensando en comprar zahorra nalgúns sitios. Vostedes son capaces de dar produtividade de 1.000€ reiteradamente. Cada mes caen ata 5,6,7.. pero non hai cartos para sumidoiros; para iso non hai.

Vostedes pagan o cartel do Cocido. Creo que por primeira vez na historia e danlle o cartel do cocido a un amigo.

Vostedes son capaces de prometer parques para cans. Non se esqueza de por para os cans un retrete. A ver se vai haber antes sumidoiros no parque de cans que en Cadrón, Vilanova ou na Xesta. Vostede faga o que queira, siga metendo baza que vai seguir levando. Como xa se equivocan vostedes, teñen que prometer unha cousa e volver hoxe atrás, porque o concelleiro non adscrito tamén dille: coidado que os palcos non son unha prioridade. Entón *Paco* en vez de facer palcos, agora di que vai facer outra cousa. Pois moi ben, quédome contento.

Estou falando eu.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: O proxecto non variou dende que se presentou, seguimos exactamente o mesmo. Non mintas aí.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Paco*, palcos. Non tes a palabra.

D. Juan José Cruz García: A rúa da Xesteira faise grazas á presión de *Juan José*. Eu estiven en tódolos locais sociais practicamente do Concello de Lalín. Vin o de Prado que tiñan frío en Prado e era un local social que estaba ben, moi ben; pero como tiñan frío, ímoslle levar aso veciños de Cuíña para alí unha dotación para os locais sociais; iso que se utiliza habitualmente dúas veces ao ano. Como tamén temos uns amigos en Zobra..; e non nos esquezamos de Palio, que está Santalla non vaia ser que o rapaciño non quede contento con ter un traballo a dedo, imos lle dar un retoque ao local social de Palio.

Na Praza da Igrexa metemos 80.000€ e despois dicimos que fai falta auga. Pero quen trouxo aquí a primeira moción probablemente da historia, non o sei, para avisar de que estábamos diante dunha seca histórica?.

Vostedes si que teñen cartos para entrevistarse, igual que os tiña e se lle criticaba antes dende o socialismo ao PP; pero si que teñen cartos para facer unha entrevista en vía V de 25.000€. Aí entendo eu canto vale poder ter un oco dentro dos medios de comunicación. Ás veces hai que ter amigos ata no inferno.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: É certo.

D. Juan José Cruz García: Cartel da Feira do Cocido. Falamos da Praza da Igrexa que se teñen que volver atrás, falamos de gastos e gastos reiteradamente absurdos e agora veñen

con 170.000€ para poñer bonita unha praza, e o mesmo día que nos venden que poñen bonita unha praza dinos que bueno, hai problemas técnicos irreversibles para actuar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Irreversibles.

D. Juan José Cruz García: Xa verán como son irreversibles. Xa verá como vostede non é capaz de cumprir cos catro alcantarillados propostos polo concelleiro non adscrito.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Imos ver.

D. Juan José Cruz García: Pois a ver, vamos a velo. Xa me quedaría contento. Seguimos un pouquiño máis. Mire, Sr. Crespo: a palabra e a mentira deféndese mal e defender cousas indefendibles non lle vai axudar moito para gañar a Alcaldía.

Vou a recordar unha palabra dunha frase que non quedou ben explicada pola miña parte nun momento que quixen aclararlle algo. Cando falamos das expropiacións porque agora este goberno tamén di que non quere expropiar, esa é a escusa que pon, sabe por que me marchei deste goberno?. Marcheime porque vostede tivo as santas narices de presentarse nunha das parroquias que máis quero, en Botos, ademais de berrarme e de dicirme que eu non falara, que a min non me querían escoitar, chegou alí e despois dunha semana dixo: “tranquilos socios do goberno” pedinlle o 100% dos acordos dos apoios para facer os sumidoiros e polo tanto estes xa están no caso. Como se van poñer o 100% de acordo os veciños? Iso é unha obviedade que non se poñan de acordo os veciños. Cando non se poñen de acordo, o mínimo que ten que facer vostede para poñer a depuradora pois expropie é o máis normal. Nese sentido quero seguir falando e unir o fío condutor e dicirlle a *Pepe Crespo* que probablemente na miña familia, un gran sector é do PP, pero hai un desgaste grande coas verbas que vostede dixo. Recordo perfectamente un artigo fai tempo cando pasara a autopista por aquí e cando pasara o AVE. Vostede foi capaz de dicir que non tiña que informar sobre o xustiprezo porque vostede velaba polos intereses do pobo de Lalín. Vostede velaba máis polos intereses de Madrid ou do pobo de Lalín?

Eu recordo como a miña familia, e vostede sábeo ben, porque vostede tiña concelleiros, veciños e boa xente, que perdeu parte do apoio probablemente da miña familia por verbas como esa. E sabe por que? Porque a xustiza da a razón e por exemplo en todas as herdanzas que hai detrás do campo de fútbol, nós o dividimos entre tres polo sistema que había de ponderación para tributar; sen embargo cando foi no xustiprezo para cobrar os cartos da autopista, ese que vostede dixo que non, tiña que informar. Informe todo o que poida, por favor, informe aos seus votantes e informe aos seus afiliados de que temos que ir a un contencioso por algúns dos acordos plenarios e informe porque vai perder apoios por non ser contundente e senón non vale para isto.

O Secretario: Juan un momentíño, imos ver.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Rematou?.

D. Juan José Cruz García: Non, quere falar o Sr. Secretario.

Antes do comezo da votación, sendo as 8,45 horas abandonaron a sesión D^a. Teresa Varela Fisteus, D. José Manuel Fernández Taboada e D. Miguel Ángel Medela Dobarro.

O Secretario: Imos ver. Marcharon agora catro concelleiros,. O tema é o seguinte. Eu entendo que para tratar estes dous puntos que é unha obra en concreto “Axardinamento da

Praza de Galicia, fase III. Declaración de investimento financeiramente sostible nº 6 exercicio 2017” e logo o expediente de crédito extraordinario, entendo que o debate principal ten que ser sobre esta obra e o expediente e logo a maior abundamento se pode referir argumentos e se poden xustificar, pero sempre con carácter secundario e de xeito ordenado. Non pode ser un debate en xeral onde se trate todos os demais temas porque logo na xustificación en acta vou falar de cincuenta temas e nada disto. Eu entendo que o tema principal é isto e a maior abundamento aducir se se quere complementar algo.

D. Juan José Cruz García: Doulle a razón e dende o cariño que lle teño doulle a razón. A policía local non sei que pintaba neste debate, digo eu. Non? E sabe que lle teño cariño e que paréceme unha persoa entrañable, pero por Deus!. Por que se dirixe sempre a min cando eu salgo un pouco do fío condutor?. A vostede lle parece que estou saíndo do fío condutor dicirlle ou esixirlle a alguén que dialogo comigo?.

O Secretario: Non, o tema principal é unha obra concreta.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Perdón, Sr. Secretario creo que a súa postura está clara e pídlle se é tan amable que non entre en debate co concelleiro non adscrito e pídlle que se é tan amable vaia rematando.

D. Juan José Cruz García: Pois nada, pedir o PP isto que anunciei estes días en prensa, unha conversa sería sobre si podemos ou temos que levar ao contencioso-administrativo algún tema para que nos tomen en serio os veciños e avisarvos de que xente da vosa está demandando con moita contundencia e eu tamén a demandando.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Moitas grazas.

O Secretario: Se mantén a abstención. Non ten que ver nada convosco, Pincho.

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: dezaseis (16)

Votos en contra: un (1) concelleiro non adscrito.

Abstencións: catro (4) D^a. Teresa Varela Fisteus, D. José Manuel Fernández Taboada e D. Miguel Ángel Medela Dobarro, por estar ausentes no momento da votación.

Aprobada a lei de orzamentos xerais do estado para o 2017 na que se acorda prorrogar para o 2017 as normas contidas na DA sexta da LO 2/2012, procedeuse a incoar o expediente de inversión financeiramente sostible co obxectivo de determinar a utilización do superávit do peche do exercicio 2016 a nunha inversión que cumpra coas premisas da Lei orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (arts 32 e DA 6) así como a D.A 16^a do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

En concreto neste expediente trátase de poder realizar a obra denominada “Axardinamento da Praza de Galicia. Fase 3^a”.

Á vista da documentación que se achega, visto o informe técnico de data 21/11/2017 e o informe da intervención municipal de data 21/11/2017, o Pleno, **ACORDOU:**

1. Declarar que a obra “Axardinamento da Praza de Galicia. Fase 3ª” é un investimento financeiramente sostible.

2. Una vez instruído o expediente 5371 /2017 sobre declaración de investimento financeiramente sostible e entre en vigor o expediente de crédito extraordinario, procédase a tramitar o oportuno expediente de contratación do Investimento Sostible que se pretende executar con cargo ao superávit orzamentario.

3.- EXPEDIENTE 5367/2017. CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 13 P- 2017.

As intervencións deste punto fíxose conxuntamente co punto anterior. Sen embargo, no traslado incorporárase as intervencións nos devanditos puntos da acta.

Antes do comezo da votación, sendo as 8,45 horas abandonaron a sesión Dª. Teresa Varela Fisteus, D. José Manuel Fernández Taboada e D. Miguel Ángel Medela Dobarro.

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: dezaseis (16)

Votos en contra: un (1) concelleiro non adscrito.

Abstencións: catro (4) Dª. Teresa Varela Fisteus, D. José Manuel Fernández Taboada e D. Miguel Ángel Medela Dobarro, por estar ausentes no momento da votación.

Por todo elo, **APROBOUSE** o expediente, adoptándose o seguinte **ACORDO**:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 13-P/2017, a financiar con Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2016, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar un gasto que non pode demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para a seguinte finalidade:

En concreto, trátase de dotar de crédito á correspondente aplicación orzamentaria para a realización do seguinte investimento, previa declaración do mesmo como Investimento financeiramente sostible: “AXARDINAMENTO DA PRAZA DE GALICIA, Fase 3ª”, segundo a Memoria valorada realizada polo Arquitecto *Martín Toimil Mato*.

Por todo elo, o Pleno, **ACORDOU**:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario, condicionado a previa declaración da obra que financia como investimento financeiramente sostible, financiado mediante superávit do exercicio 2016, e remanente líquido da tesourería do 2016, de acordo co seguinte detalle:

1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota o Crédito Extraordinario

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
171.609.31	Parques e xardíns. Axardinamento da	169.888,59

Praza de Galicia, Fase III

TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO 169.888,59 €

Segundo.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito: Fináncianse con Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2016, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos . Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

E, sendo as oito horas e corenta e oito minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.

Dou fe. O Secretario Xeral.

Rafael Cuíña Aparicio

César López Arribas